



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Vicedecana da Facultade de Psicoloxía formula a seguinte cuestión:

" Nas probas de conxunto se unha persoa aproba algunha das materias das que se examinou e supende outras, ¿ A quen compete gardar ou non as partes aprobadas para outras convocatorias posteriores? "

Esta cuestión está formulada en relación co establecido na alinea 5.4 da Resolución rectoral do 24 de marzo de 1997 que regula as Probas de Conxunto e que establece:

"No caso de que o alumno non supere a totalidade das materias das que consta a proba de conxunto, as cualificacións das materias superadas poderanse aplicar en sucesivas convocatorias eximindo por tanto ó alumno de presentarse ó exame das mesmas, aínda que deberá formaliza-la matrícula por tódalas materias de que conste a proba"

Da análise da normativa que regula estas probas cabe salientar o seguinte:

1. A finalidade das probas de conxunto, segundo a Orde do 21 de xullo de 1995, é equipara-la formación e os coñecementos básico dos titulados estranxeiros cos españois. Por este motivo a proba versa sobre Os contidos (ou parte dos contidos) das materias troncais da titulación que se pretende homologar, ben da totalidade das materias troncais ou dun conxunto delas.
2. Para considerar que a proba foi superada deberán aprobarse tódalas materias troncais que en cada caso se lle indiquen ó solicitante en función dos coñecementos acreditados.
3. Son os centros os que deben nomear os tribunais de cualificación destas probas e tamén os que deben publica-los programas das materias que poden ser obxecto das mesmas.
4. A resolución que regula as probas de Conxunto no apartado 5.4 cando dí que "... as cualificacións das materias superadas poderanse aplicar en sucesivas convocatorias ..." está permitindo unha posibilidade que deberá ser regulada de xeito xeral para tódolos centros seguindo criterios académicos, xa que o que se estaría permitindo é que o alumno que ten superado o contido dunha materia troncal vinculada a determinada área de coñecemento non perde os "coñecementos" polo feito de non superar outra parte da proba.

Polo tanto e como resposta á consulta indícase o seguinte:

Son os Centros, ó traves dos órganos competentes, os que deciden en cada caso se as cualificacións das materias superadas poden ou non ser aplicadas en sucesivas convocatorias, atendendo, en todo caso, os seguintes criterios xerais:

- a) **Deberá manterse a cualificación das materias superadas cando a parte do programa da materia superada non fose modificado dende que esta foi superada.**
- b) **Deberá manterse a cualificación das materias superadas cando no caso de terse modificado o programa da materia superada esta variación non fose superior ó 25 % do mesmo.**

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2001

O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS

(P.D.r.r. do 1 de febreiro de 2000)



Celso Rodríguez Fernández